



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E A DISPOSICIÓN DE MATERIAL AUDIOVISUAL**

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019

**REÚNENSE**

**Román Rodríguez González**, conselleiro de Cultura e Turismo, que, en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 97/2018, do 26 de setembro (DOG número 185, do 27 de setembro), actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo.

**Alfonso Sánchez Izquierdo**, director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., que actúa no seu nome e representación (NIF A-15073349), con domicilio no centro emisor de San Marcos, s/n, Santiago de Compostela, en virtude das facultades que lle confire o artigo 26 e a disposición transitoria terceira da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

**EXPOÑEN**

1. Que as dúas partes pretenden colaborar conxuntamente para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co seguinte:

- A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística que, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2 e 148.1.17 da Constitución española e mais do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e do castelán (artigo 2), así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma (artigo 4.1).
- Así mesmo, o artigo 11 da citada lei contempla a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

2. Que a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. teñen intereses coincidentes e obxectivos comúns en materia lingüística de cara a contribuír conxuntamente na promoción da lingua galega e na súa normalización nos medios de comunicación institucional.



3. Que as partes tamén colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou por unanimidade o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, e entre cuxos obxectivos respecto do sector dos medios de comunicación figura o seguinte:

- Poñer ao alcance do seu persoal os medios formativos, didácticos e técnicos suficientes que lle asegure unha completa capacitación lingüística e un emprego doado do galego no seu traballo profesional.

En relación co anterior, o plan tamén prevé unha serie de medidas como:

- Incrementar os medios para a formación en galego do persoal das radios e das televisións, tanto públicas coma privadas, esixindo nas de titularidade pública para as novas contratacións un nivel lingüístico de calidade.

4. Que, así mesmo, as partes colaborarán no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, que aprobou o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, e que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia.

5. Que ambas as partes consideran e recoñecen reciprocamente as súas competencias e, co fin de materializar a cooperación para potenciar o uso do galego e de acordo coas circunstancias que así o aconsellan, acordan subscribir este convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

## **CLÁUSULAS:**

### **Primeira. Obxecto**

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo (en diante, a Consellería) e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (en diante, a CRTVG), para a realización de actividades de formación en linguaxe administrativa galega e a disposición, nas condicións que se establezan, do material audiovisual necesario para o desenvolvemento das probas que convoca a Secretaría Xeral de Política lingüística para obter os certificados de lingua galega (Celga), a pedimento desta e tras a autorización da dirección da Área de Informativos e Documentación da CRTVG.

### **Segunda. Actividades**

A Consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, comprométese a impartir as seguintes actividades para o persoal ao servizo da CRTVG:

- Cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e/ou superior, cun máximo de dous por ano.

Cada curso desenvolverase na modalidade de teleformación e terá unha duración en tempo de traballo estimado de 75 horas.





A CRTVG comprométese a facilitarlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística o material audiovisual necesario para que esta leve a cabo as probas para a obtención dos certificados de lingua galega (Celga) e a gardar a debida cautela e sixilo que a colaboración na preparación deste material implica.

### **Terceira. Contido e avaliación dos cursos**

Os cursos deberán axustarse ao establecido na Orde do 13 de xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas (DOG núm. 121, do 24.06.2011; corrección de erros no DOG núm. 223 do 22.11.2011).

Os contidos que se impartirán serán os recollidos nos respectivos programas docentes detallados nos anexos da citada orde.

O sistema de avaliación basearase no principio de avaliación continua. En todo caso, é obrigatorio: a realización das prácticas establecidas na plataforma, a entrega das tarefas propostas polos/as titores/as e unha proba final de carácter presencial que constará dunha parte escrita e dunha parte oral.

Os/as titores/as, ademais de incluír na plataforma electrónica a valoración sobre as tarefas propostas ao longo do curso, deberán presentar na Secretaría Xeral de Política Lingüística, tras o seu remate, as actas e as probas finais corrixidas.

### **Cuarta. Certificación dos cursos**

O alumnado que supere o curso recibirá o correspondente certificado, que emitirá a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

### **Quinta. Programación e selección do alumnado dos cursos**

A CRTVG realizará a programación específica de acordo coas necesidades de formación do persoal ao que van destinados os cursos. Así mesmo, correspóndelle efectuar a selección do alumnado consonte os seus propios criterios de selección e segundo a oferta de prazas dispoñibles.

En todo caso, para acceder ao curso de nivel medio é necesario contar co Celga 4 ou nivel de perfeccionamento de lingua galega, ou ben co curso básico de linguaxe administrativa galega, o curso básico para o persoal da Administración de xustiza ou o curso básico de linguaxe administrativa sanitaria. Para acceder ao curso de nivel superior, cómpre contar co curso medio de linguaxe administrativa galega, o curso medio de linguaxe xurídica galega ou calquera dos cursos ou estudos equivalentes a estes que se establecen no punto 2.º do artigo 5 da citada Orde do 13 de xuño de 2011.

O número de participantes en cada curso non poderá ser superior a 25, e será a CRTVG a que determine o número mínimo que, de non alcanzarse, podería implicar a suspensión do curso. No caso de que haxa prazas vacantes antes do inicio do curso, poderánselles ofrecer ás persoas que non obtivesen praza na selección inicial e que figuren na listaxe de agarda.



#### **Sexta. Profesorado dos cursos**

A Consellería, a proposta da Secretaría Xeral de Política Lingüística, designará o profesorado (ou títos/as) encargado de impartir os cursos de entre as persoas que se atopan na situación de execución provisional e/ou firme das sentenzas recaídas que declaran a súa condición de persoal laboral indefinido non fixo para traballos fixos descontinuos, na categoría 40 do grupo I, titulado superior lingüista, da Xunta de Galicia.

A Consellería realizará todos os trámites legais necesarios para a súa contratación, que se efectuará segundo a modalidade que sexa pertinente.

O profesorado nomeado para este fin non terán ningunha vinculación, nin laboral nin de ningún outro tipo, coa CRTVG.

#### **Sétima. Financiamento dos cursos**

O financiamento dos cursos correspóndelle integramente á CRTVG, o que inclúe os gastos de profesorado, os de coordinación, así como calquera outro que puidese derivarse da súa realización.

O custo por docente/curso estímase en 4.311 euros, sen prexuízo dos incrementos retributivos que puidesen aprobarse anualmente. O custo por coordinación/curso é de 350 euros.

Tras finalizar cada curso ou cursos, a CRTVG efectuará o pagamento dos gastos. No caso do profesorado, ao ser persoal da Xunta de Galicia, a CRTVG aboaralle á Consellería o importe correspondente mediante unha transferencia bancaria á conta que se lle indique. No caso da persoa que coordine os cursos, que será designada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, a CRTVG aboaralle directamente a esta persoa o importe correspondente.

#### **Oitava. Información final dos cursos**

Cando remate o curso ou cursos, a CRTVG facilitaralle á Secretaría Xeral de Política Lingüística os datos que esta lle poida solicitar, como as enquisas de avaliación do profesorado e o grao de satisfacción do alumnado.

#### **Novena. Traballos de locución e preparación de material audiovisual**

A CRTVG colaborará coa SXPL na elaboración das probas que esta convoca periodicamente para obter os certificados de lingua galega (Celga) e para as que é necesario dispoñer de material audiovisual. Isto implicará a realización daqueles traballos de locución e preparación de audios e vídeos que demanden as probas.

Na realización e entrega destes traballos adoptaranse as medidas precisas para garantir a confidencialidade e evitar a filtración de contidos. O persoal da CRTVG implicado neste proceso asinará un documento coa correspondente cláusula de confidencialidade que o comprometa a adoptar as citadas medidas.

#### **Décima. Comunicación e publicidade**

Calquera tipo de comunicación ou publicidade sobre as actividades previstas neste convenio deberá facer referencia á colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a CRTVG. Deberán figurar, con igual rango e consideración, os logotipos de ambos os dous organismos.



#### **Décimo primeira. Normativa aplicable**

Todas as accións que se realicen ao abeiro deste convenio faranse de conformidade coa vixente normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego fixada pola Real Academia Galega, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, respectarase a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

#### **Décimo segunda. Comisión de seguimento**

Constituirase unha comisión de seguimento das actividades previstas neste convenio, que estará composta por dúas persoas da Secretaría Xeral de Política Lingüística, designadas polo seu titular, e por dúas persoas da CRTVG. Poderá estar asistida polo persoal técnico necesario.

A comisión, que estará presidida por unha das persoas que representan a Secretaría Xeral de Política Lingüística, coordinará o desenvolvemento das actividades e estará facultada para resolver as dúbidas que poidan xurdir na execución deste convenio. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

#### **Décimo terceira. Comisión de avaliación**

Constituirase unha comisión de avaliación para estudar as reclamacións presentadas en relación coas cualificacións outorgadas nos cursos, que estará formada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Política Lingüística, a persoa encargada da coordinación dos cursos e dúas persoas expertas da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A comisión emitirá un informe que servirá de base para a resolución das reclamacións.

#### **Décimo cuarta. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da CRTVG á Administración da Xunta de Galicia para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. De igual modo, tamén supón o consentimento da Administración da Xunta de Galicia á CRTVG, para que esta poida incluír e facer públicos os datos referidos a este convenio a través do seu propio rexistro de convenios.

#### **Décimo quinta. Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, quen represente un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e o persoal empregado das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de persoal empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia (Notifica.gal), <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinataria da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra a que acceda ao contido das súas notificacións.

#### **Décimo sexta. Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes comprométese a cumprir as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais.

No exercicio dos poderes públicos que lle son legalmente conferidos, as partes comprométese a cederse mutuamente os datos persoais das persoas interesadas en participar nas actividades formativas que se convoquen ao abeiro deste convenio. Con este fin, as partes facilitaranse o acceso a través dos seus respectivos medios técnicos, con estrita suxeición ao que estableza a normativa aplicable.

Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada parte declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para eses efectos, as páxinas web das partes asinantes deste convenio (<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e <http://www.crtvg.es/aviso-legal-e-politica-de-privacidade>) conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e ao modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.

Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.

As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios e que se publiquen nas páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

As persoas representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo (Edificio administrativo de San Caetano, rúa de San Caetano, s/n, 15704 Santiago de Compostela) ou ao seu enderezo electrónico ([sxt.cultura.turismo@xunta.gal](mailto:sxt.cultura.turismo@xunta.gal)), e á sede da CRTVG (centro emisor de San Marcos, s/n, 15820 Santiago de Compostela) ou ao seu enderezo electrónico ([lopd@crtvg.es](mailto:lopd@crtvg.es)). Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.



#### **Décimo sétima. Natureza xurídica**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, así como polo disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), segundo o seu artigo 6, ao non previsto aplicaráselle, de acordo co artigo 4 da citada lei, os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Así mesmo, supletoriamente, terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir na aplicación deste convenio.

#### **Décimo oitava. Vixencia**

A vixencia deste convenio esténdese desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020. Antes da finalización do prazo de vixencia, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por períodos anuais ata un máximo de catro, sempre que exista crédito adecuado e suficiente para impartir os cursos.

Cada unha das partes poderá denunciar expresamente o convenio cunha antelación mínima dun mes antes do final de cada ano. De ser así, o convenio darase por rematado.

Ao estaren conformes as dúas partes co estipulado, asinan tres copias deste convenio no lugar e data sinalados.

O conselleiro de Cultura e Turismo

O director xeral da Corporación  
Radio eTelevisión de Galicia, S.A.

Román Rodríguez González

Alfonso Sánchez Izquierdo